


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

17-18 de xaneiro do 2026

II SEMANA DO TEMPO ORDINARIO A



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 4 Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Comezamos na liturxia o Tempo Ordinario e facémolo coa presentación que Xoán Bautista nos fai de Xesús.

Ata o domingo pasado víamolo como un Neno que nos traía paz, alegría e, sobre todo, amor.

Dende hoxe verémolo como o Xesús adulto que percorre os camiños das cidades e vilas predicando a Boa Nova. Unha boa nova que nos fai pensar na nosa propia vida de adultos na fe. Unha boa nova que é esixente coa nosa forma de ser cristiáns. Unha boa nova que nos pon cara as nosas debilidades e egoísmos e nos pide máis entrega para cos outros.

Coma Xoán sexamos tamén nós testemuñas da presenza de Xesús no medio de nós e compartamos con El o camiño da boa nova.

Xesús está aquí. Que El nos axude a compartir nesta celebración a súa mensaxe de paz e amor.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Intentamos moitas veces seguir as pegadas de Xesús, pero acotío equivocamos o noso camiño por iso agora queremos pedir perdón:*

Monitor/a

✓ Señor, recoñecemos que ás veces non queremos aprender dos demais e mesmo tropezamos máis de dúas veces coa mesma pedra, co mesmo pecado. Señor téndenos a túa man

✓ Señor, recoñecemos que ás veces os demais non atopan en nós persoas das que fiarse porque somos incoherentes e demasiado interesados. Cristo téndenos a túa man

✓ Señor, recoñecemos que ás veces non somos exemplo de todo o que Ti vives á nosa beira, recoñecemos que os demais non te ven reflexado nos nosos feitos. Señor téndenos a túa man

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos concede Deus o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que levamos no corazón. Teñamos presente as nosas vivencias neste comezo do camiño á beira de Xesús.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus noso Pai, cheo de tenrura e misericordia, Ti, que te achegas a nós, escoita con bondade as súplicas do teu pobo e axúdanos a medrar na paz do noso irmán Xesús, a quen proclamamos hoxe coma o teu Fillo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Escoitemos a proposta da profecía de Isaías falándonos do momento da historia da salvación que estamos a vivir.*

Escoitemos tamén o testemuño de Xoán o Bautista presentando a Xesús camiñando no medio de nós como o Añño de Deus, coma o Fillo de Deus. Escoitámolo.

No Leccionario I– A páx 179 *Is 49, 3.5-6* LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA PROFECÍA DE ISAÍAS

Díxome o Señor:

"Ti es o meu servo, Israel, de ti virame a sona".

"Serei glorificado coa presenza do Señor,
e o meu Deus será a miña forza".

Pois agora -fala o Señor que desde o seo da nai me
formou para ser o seu servo, para facer voltar onda El a
Xacob e para que Israel se xunte con El-:

"é moi fácil para ti ser o meu servo,
restablecendo as tribos de Xacob
e facendo voltar os protexidos de Israel,
pois convértote en luz das nacións,
e serás a miña salvación ata o confín da terra".

Palabra do Señor

🎵 n° 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO



(en pé) *No Lecc I A páx 181* Xn 1, 29-34 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, vendo Xoán a Xesús, que viña cara a el,
dixo:

- ¡Velaí o Añó de Deus, o que arrinca o pecado do
mundo! Este é de quen eu dixen: "Detrás miña vén un
home que pasa diante miña, pois existía primeiro ca
min". Eu non o coñecía, mais para iso vin eu bautizar con
auga: para mostralo a Israel. E Xoán seguiu
testemuñando:

- Eu vin o Espírito baixar do ceo coma unha pomba e
pousar enriba del. Eu non o coñecía, pero o que me
mandou bautizar con auga, díxome:

- "Cando vexas o Espírito baixar e pousar sobre un, ese
é o que bautiza co Espírito Santo".

E eu vino e dou testemuño de que este é o Fillo de
Deus.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para
acoller a palabra no corazón



A proposta de Xoán o Bautista achéganos a Xesús:

* Di Xoán de Xesús: “Este é o año de Deus que quita o pecado do mundo”.

Non podemos negar que hai moitas cousas que están mal no noso mundo. Necesitamos do Año de Deus que quere, coma nós, arrincar os males. Queremos arrincar a violencia para sementar igualdade, queremos arrincar guerra para espallar paz, queremos arrincar individualismo para construír comunidade, ...

* Di Xoán de Xesús: “Este é o Fillo de Deus no medio de nós”.

Aínda que moitas veces o pensemos, Xesús non está lonxe, ao contrario, está á nosa beira.

Está á beira de calquera persoa que reclama xustiza, está á beira de calquera persoa que sofre, está á beira de quen xa non ten ganas de vivir e tirar para adiante, está á beira de quen non cala nin esconde calquera abuso.

Xesús é o Año de Deus que, á nosa beira, arrinca o pecado do mundo.

El vaino facer, e nós?.



PROFESIÓN DA FE

***Celebrante** Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es o Deus da vida que nos convida, nós queremos comprometernos dando resposta coa nosa fe. Dicimos:*

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Cremos en Deus, Pai e Nai que nos creou á súa imaxe e que espera que nos fagamos merecentes de sermos acollidos nas súas mans coma os seus fillos e fillas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos en Xesús Cristo, que quixo compartir a nosa vida, que ofreceu sempre a súa man sentíndose irmán con todos, e que del temos moito que aprender porque as súas palabras e feitos valen a pena?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos no Espírito Santo, que nos alenta para dar testemuño en favor de Cristo sendo comunidade crible?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos na Igrexa, comunidade que camiña enfortecida polo exemplo de tantos homes e mulleres que viven dando froitos de evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Imos agora rezar xuntos porque queremos ser unha comunidade ilusionada no camiño de fe que Xesús nos vai mostrando. Dicimos:*

Señor, escoita ao teu pobo

Monitor/a

- ✓ Con Xesús pedimos polas persoas de bo corazón, para que sigan sendo exemplo para todos nós. Oremos
- ✓ Con Xesús pedimos polas persoas solidarias, para que non cansen no seu facer, e nos deamos conta de que tender mans é un bo camiño. Oremos
- ✓ Con Xesús pedimos polos veciños e veciñas que nos dan exemplo, para que co seu xeito de vivir nos sigan axudando a facer parroquia. Oremos
- ✓ Con Xesús pedimos polas persoas preocupadas polos demais, para que polas súas actitudes de compartir nos sigan demostrando que nós podemos facelo. Oremos
- ✓ Con Xesús pedimos polos refuxiados, os pobos, e as mulleres que non poden vivir en paz. Oremos

Celebrante: *Señor, así queremos camiñar e facer camiños para a vida. Que nunca nos falte a luz e o bo facer dos homes e mulleres que coma Xoán o Bautista son testemuñas de Xesús no medio de nós. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Xesús está aquí, no medio de nós, para con El arrincar o pecado do mundo. E é El mesmo quen nos ensina a dicir:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A paz que agora imos pedir é a que nos fai irmáns con Cristo.*

É a paz de respectar a todos, é a paz da xustiza e do compartir en comunidade. É a man coa que arrincamos as desigualdades, é a man coa que queremos facer mellor as cousas.

Está nas nosas mans facelo mellor.

Fagámolo ben agora compartindo un xesto de paz.

🎵 **nº 38** *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartir arredor desta mesa de parroquia é camiñar seguindo as pegadas de Xesús, o Añó de Deus que no medio de nós arrinca o pecado do mundo.*

Ditosos nós por ser invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 58** *Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, seguros da túa bondade pedímosche que acollendo con fe as túas palabras sexamos capaces de dar froitos de paz e xustiza, e que os demais poidan contar coas nosas mans de irmáns.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén

O Fillo de Deus xa está aquí como nos mostrou Xoán o Bautista.

Veu para se quedar e compartir a nosa vida. El é o noso irmán maior.

Acompañémolo no seu camiñar no medio da xente mostrando a todos a bondade de Deus e da súa Boa Nova de amor.



Di Xoán: “Xesús é o Añó de Deus que arrinca o pecado do mundo”

Palabras do evanxeo de hoxe

**FAGÁMOLO BEN
E SEXAMOS AGRADECIDOS
CON TODAS AS PERSOAS
QUE O FAN BEN**

Avísase das misas (ver follas do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus*

🎵 **nº56** *Ide e pregoade a Nova de Deus*